

BASESNOV'25

DAMA AYUDA

DAMA convoca a XIII edición do laboratorio DAMA Axuda para longametraxes de ficción,
series e documentais co seguinte número de proxectos:

DAMA AXUDA LONGAS: **4 PROXECTOS DE LONGAMETRAXE**

DAMA AXUDA SERIES: **4 PROXECTOS DE SERIES**

DAMA AXUDA DOCUS: **2 PROXECTOS DOCUMENTAIS**

PREMIO

O PREMIO DO CONCURSO É A PARTICIPACIÓN NUN PROGRAMA DE NOVE (9) MESES DE DURACIÓN.

Consta dun módulo de titorías cun/ha profesional de prestixio do sector audiovisual; un programa completo de formación e unha sesión de presentación a representantes da industria audiovisual.

Unha achega económica de DOUS MIL euros (2.000€) a cada proxecto seleccionado para participar no laboratorio en concepto de axuda ao desenvolvemento. A devandita cantidade será sometida á correspondente tributación de conformidade coa lexislación vixente. O pagamento realizarase por transferencia bancaria a unha conta de titularidade da persoa seleccionada. En caso de obras en coautoría, a achega económica repartirase entre os dous coautores a partes iguais.

PARTICIPANTES

- Poderán presentarse ao concurso autores/as maiores de idade residentes no territorio español.
- As solicitudes son individuais, admitíndose unha soa solicitude por aspirante.
- No caso de coautorías, cada autor/a terá que realizar unha solicitude individual. Os proxectos poderán ter un máximo de dous coautores.
- Na convocatoria vixente, os candidatos só poderán presentarse a unha modalidade: DAMA Axuda Longas, DAMA Axuda Docus ou DAMA Axuda Series.
- No caso das series documentais deberán presentarse na categoría de DAMA Axuda Docus.
- Non poderá participar no concurso ningún empregado da entidade nin membros dos seus órganos de goberno.

REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN

- O prazo de presentación de proxectos será do 27 de novembro ao 22 de decembro de 2025 ás 11:00h (hora peninsular). A presentación farase pola aplicación habilitada na web de DAMA e non se aceptarán solicitudes presentadas por outros medios (nin por correo electrónico nin en persoa).
- Os/as autores/as que desexen participar deberán presentar un único arquivo en pdf que inclúa: unha sinopse (máximo 1 páxina), unha memoria do proxecto (máximo 2 páxinas), unha biografía (máximo 1 páxina) e unha descrición das personaxes (máximo 2 páxinas) fotocopia do D.N.I. ou pasaporte. No caso dos documentais, incluírase unha relación de persoas implicadas no proxecto e especificarase o grao de acceso do autor ou autores a esas persoas.
- A idea deberá ser orixinal e inédita. Non se admitirá ningunha adaptación de obras preexistentes (como curtametraxes, novelas ou obras de teatro), incluso cando os seus autores ou coautores fosen os propios aspirantes.
- Os proxectos presentados deben ser froito da creación intelectual dos seus autores, como persoas físicas. En ningún caso poden ter sido creados por ferramentas de intelixencia artificial xenerativa. De ser así, a candidatura será descartada.
- Quedan excluídas aquelas sinopses que teñan sido desenvolvidas e producidas. Tamén as que se atopen afectadas por acordos de produción, opción ou outros que dalgún xeito limiten a súa disposición.
- Non se poden presentar proxectos que concorran a outros laboratorios, premios de guión ou concursos durante o desenvolvemento desta convocatoria ou estean pendentes de resolución. Pola contra, pódense presentar aqueles proxectos que non fosen seleccionados noutros laboratorios ou noutras incubadoras audiovisuais ou premiados noutros concursos xa finalizados no momento desta convocatoria.

- Admitiranse aqueles proxectos que obtivesen axudas públicas ao desenvolvemento ou á escritura sempre que non estean suxeitos a ningún acordo previo cunha produtora.
- Incluírase unha declaración relativa a que o aspirante que presenta o proxecto é autor/a e titular de tódolos dereitos de propiedade intelectual da obra presentada e que se trata dunha obra orixinal que non é adaptación doutra preexistente. Esta declaración responsable tamén manifestará que a obra non foi premiada ou está incluída nalgún certame pendente de elixir gañador, e que non está en fase de produción nin existe contrato ningún para levala a cabo e que non foi creada por ferramentas de intelixencia artificial xenerativa.
- Calquera documentación extra como referencias visuais, gráficas, mencións a reparto etc., non se prestará a valoración por parte do xurado. Serán descartados aqueles proxectos que inclúan imaxes xeradas con intelixencia artificial.

XURADO

- O xurado estará formado por autores de recoñecido prestixio e será elixido segundo criterios de paridade de xénero, diversidade e prestixio. O xurado resérvase a facultade de deixar desertas algunhas das prazas ás que se destinan estas titorías.
- As deliberacións e votacións do xurado serán secretas. A relación de proxectos seleccionados e os/as seus/súas respectivos/as autores/as farase pública na web e redes sociais de DAMA. En ningún caso se farán comunicacións individuais.
- A elección dos proxectos seleccionados terá carácter inapelable.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. Calidade creativa e cultural da proposta.
2. Propiciarase a paridade de xénero entre os seleccionados no laboratorio
3. Os proxectos finalistas poderán ter unha entrevista persoal antes da resolución final.

RECURSOS

- DAMA Axuda ofrece un programa de asesoría con mentores de recoñecido prestixio na industria audiovisual durante 9 meses comprendidos entre febreiro e setembro.
- Ademais, propón un ciclo de formación en áreas de actualidade da industria audiovisual e unha sesión de presentación á industria dos proxectos. O programa de formación complétase con clases maxistras, obradoiros e xuntanzas.
- Os participantes terán a oportunidades de deseñar un completo dossier de venta.
- DAMA ofrece espazos de traballo na sé de Madrid e Barcelona para a realización das titorías e facilitará a asistencia virtual ás actividades do programa. Para aquelas formacións que DAMA determine oportuno e cando o participante non resida en Madrid, e xustifique a necesidade de desprazamento, poderá solicitar a autorización de gastos de desprazamento e hospedaxe.
- Comunicar nun prazo de 7 días naturais desde que se lles notifique que foron seleccionados para participar, se aceptan ou declinan formar parte do programa. De non contestaren neste prazo, perderán a posibilidade de participar.
- Non presentar a sinopse nin ningunha obra derivada da mesma a ningún outro concurso ou certame ata que non finalice totalmente este programa. É dicir, desde o inicio da presente convocatoria ata a finalización do laboratorio, non é posible presentar este proxecto a outras residencias ou laboratorios.

OBRIGAS

- Facer bo uso das instalacións que se lles asignen e destinar as salas exclusivamente a espazo de traballo.
- Completar o proceso de titorización, definido da seguinte maneira:
 - A cada proxecto seleccionado asignaráselle un/unha titor/a.
 - O proceso de titoría para o desenvolvemento dos proxectos durará 9 meses, comprendidos entre febreiro e setembro. Ao final das titorías, entregarase unha primeira versión do guión de longametraxe, unha primeira versión do piloto de serie e unha primeira versión do guión do documental.
 - O xeito de desenvolver as titorías será establecido polo/a titor/a asignado/a a cada proxecto, sendo factible o desenvolvemento das mesmas a distancia, por procedementos telemáticos. Calquera titoría presencial, sempre con aceptación previa do titor/a, desenvolverase no municipio de Madrid, sendo de conta do seleccionado/a os gastos de desprazamento e hospedaxe.
 - O/a titor/a establecerá un calendario de traballo para o desenvolvemento do proxecto que o/a seleccionado/a deberá cumprir con aproveitamento. No caso contrario, a devandita titoría cesará.
- Asistir á formación:
 - Os participantes de DAMA Axuda comprométense a asistir a tódalas actividades programadas pola coordinación do laboratorio.

CONDICIÓN LEGAIS

- O proxecto desenvolvido será propiedade do autor/a do mesmo. A participación no concurso non supón a transmisión dos dereitos sobre os proxectos ou as obras resultantes máis aló das autorizacións necesarias para o desenvolvemento do mesmo nos termos aquí regulados.
- A idea deberá ser orixinal. O/A participante ou participantes na presente convocatoria deberán ser titulares de tódolos dereitos de propiedade intelectual sobre a/s obra/s que se presenten ao concurso. Así mesmo, garanten que o proxecto non vulnera ningún dereito de explotación, de honra e intimidade nin outros dereitos de propiedade intelectual e industrial nin outros dereitos de terceiros. Neste sentido, o/a participante eximirá á organización do concurso de toda responsabilidade legal sobre o proxecto, sendo, en consecuencia, o/a participante quen asumirá toda reclamación representada por terceiros sobre o guión presentado.
- No caso de que os proxectos gañadores sexan finalmente producidos, os gañadores comprométense a instar a inclusión nos títulos de crédito de cabeceira a súa identificación como gañadores da “DAMA XIII”. Os proxectos gañadores tamén deberán prever esa identificación nos contratos de cesión de dereitos que, no seu caso, se celebren, de modo tal que os cesionarios asuman a expresada obrigaón de reflexo da condición de gañadores. De igual xeito, en calquera contrato de produción ou doutra natureza relacionado ou respecto á sinopse, obra resultante ou de calquera elemento das mesmas deberán incluír a mencionada identificación.
- Os gañadores autorizan a DAMA a compartir fragmentos das súas futuras obras que se creen dentro do laboratorio, coa exclusiva finalidade de dar difusión e promocionar o proxecto de laboratorio levado a cabo. Esta facultade exercitarase de boa fe, sen prexudicar a normal explotación da obra, conforme aos usos do mercado respecto dos tráileres, e, en caso necesario, en coordinación cos propios autores e produtores. Cando sexa necesario, o participante reflectirá a expresada autorización nos futuros contratos que celebre respecto á obra resultante.

CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

- Toda información e datos persoais que subministren os participantes teñen carácter confidencial e non poderán ser revelados a terceiros nin utilizados para fins distintos aos establecidos, salvo as excepcións contempladas pola lexislación vixente.
- En cumprimento do Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e resto de normativa vixente, DAMA informa de que se tratarán os datos de carácter persoal que se faciliten no formulario de rexistro do concurso, coa finalidade de xestionar a participación (organización, difusión e comunicación necesaria) no concurso para o que foron recollidos. Os datos conservaranse durante todo o tempo no que esta relación subsista, e aínda despois, ata que prescriban as eventuais responsabilidades derivadas da mesma.
- Así mesmo, os datos que se recollan a través da web habilitada para o concurso quedarán suxeitos ao aviso legal e política de privacidade especificados na devandita web.
- Os concursantes poderán exercer os seus Dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación do tratamento, Oposición e Portabilidade dos datos, dirixíndose a DAMA (Gran Vía de San Francisco, 8 – 28005 – Madrid), mediante comunicación por carta certificada ou ao correo electrónico dama@damautor.es, sempre identificándose adecuadamente. Ademais, poderán presentar unha reclamación ante unha autoridade de control.

POTESTADE DA ORGANIZACIÓN

- A organización resérvase o dereito de realizar modificacións sobre as presentes bases ou engadir anexos sucesivos sobre o seu procedemento ou premios sempre que as mesmas estean xustificadas por criterios de equidade e non prexudiquen os participantes e se comuniquen debidamente durante o transcurso do concurso. A organización terá plena potestade de decidir sobre os supostos imprevistos que poidan presentarse e que non estivesen contemplados nas presentes bases. A organización resérvase o dereito de cambiar as datas anteriormente indicadas se así o esixise a correcta xestión desta convocatoria, do que informará os participantes. Non se aceptarán os proxectos que cheguen fóra de prazo ou os que non cumpran os requisitos establecidos.
- A organización eliminará as copias no seu poder dos proxectos presentados unha vez finalizada a correspondente edición.
- A participación implica que se outorga o consentimento para trasladar toda a documentación aos membros do xurado e aos colaboradores administrativos ou técnicos relacionados coa execución do concurso.
- O incumprimento das presentes bases ou de calquera dos requisitos de participación, ou a falsidade dos datos aportados, daría lugar á perda da condición de participante e, no seu caso, de gañador. Neste caso, a organización poderá designar outro gañador conforme ao procedemento expresado.

ACEPTACIÓN DAS BASES

- A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases, así como das decisións da organización e do xurado, e o seu incumprimento será causa de eliminación. A concesión do premio queda condicionada o cumprimento das bases na forma e prazos establecidos na presente convocatoria.
- Así mesmo, cada participante autoriza o uso ou difusión da súa imaxe e datos profesionais/persoais no marco de desenvolvemento deste concurso, entre cuxas acción se integran as actividades publicitarias do mesmo.